

1.6.

converxencia e competitividade

Ao longo do do período 2000-2006 Galicia experimentou unhas taxas de crecemento medias anuais acumulativas da súa produción, emprego e poboación inferiores ás medias españolas. Os datos da *Contabilidad regional de España* (fonte INE) reflicten que a economía galega presenta taxas de crecemento medio do 3,1%, dúas décimas menos que a media española. Este diferencial aumenta ata un punto porcentual no caso do número de traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social (o crecemento medio en Galicia foi do 2,8% en Galicia fronte aos 3,8% de media en España), e ata o punto e medio no caso da poboación empadroada (medra un 0,2% de media en Galicia e 1,7% no conxunto do Estado).

Tendo en conta esta evolución, o **cadro 1.6.1.** reflicte o descenso da importancia relativa da poboación galega, e en menor medida do emprego, no total estatal. Asemade, amosa que a produción galega, medida en termos do PIB a prezos de mercado (prezos correntes), se mantén constante ao longo dos seis anos considerados.


Tomando como indicador de converxencia da economía galega á española e á europea (UE-27) o PIB per cápita, se se considera a media española = 100, este acadou en 2006 un valor de 82,8, máis de cinco puntos porcentuais por riba do valor do ano 2001. En relación á media dos vinte e sete países europeos (UE = 100), o PIB nominal por habitante acadou en Galicia un valor de 81,0, situándose este indicador nos 100,7 puntos no conxunto do Estado.

Se medimos a converxencia coa media estatal a través dun indicador sintético de competitividade, que incluíría un total de 22 indicadores relacionados coa potencialidade e desenvolvemento económico, Galicia mantén entre os anos 2003 e 2005 (anos en que se dispón de valores para todos os indicadores seleccionados) o diferencial coa media do Estado, ao acadar en 2005 un valor de 90,4 (España = 100), dúas décimas máis que en 2003.

Converxencia coa media estatal

Ao longo do ano 2006, Galicia presentou un crecemento medio do seu PIB a prezos de mercado (prezos constantes) do 4,1%, dúas décimas por riba do experimentado polo conxunto do Estado (fonte INE). Esta medra foi nove décimas superior á taxa media de crecemento da economía galega no ano anterior.

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano continúa o proceso de achegamento á media española. No último ano, este indicador acada os 82,8 puntos (media española = 100), un punto e catro décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2001, o PIB por habitante medra dende o 77,6% ata os devanditos 82,4%.

Participación da produción⁽¹⁾, a poboación e o emprego⁽²⁾ galego no total español 2001-06


(1) PIB a prezos de mercado. Prezos correntes

(2) Poboación afiliada á Seguridade Social

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.6.1.

Converxencia das CC.AA. en termos de PIB por habitante fronte a España e a Unión Europea

	PIBR por habitante (1)					PIB por habitante (poder de compra)				
	2001	2005	2006	06-00	06-05	2000	2003	2004	04-00	04-03
	(media española= 100)			(variación absoluta)		(media UE-27=100)			(variación absoluta)	
Andalucía	74,0	77,6	77,9	3,9	0,2	71,3	77,0	77,6	6,3	0,6
Aragón	104,5	106,8	107,4	2,9	0,6	101,1	107,8	107,4	6,3	-0,4
Asturias	84,3	88,2	89,7	5,4	1,5	80,8	86,3	87,0	6,2	0,7
Baleares	121,5	111,6	110,4	-11,1	-1,2	119,1	115,8	114,3	-4,8	-1,5
Canarias	94,3	90,8	89,9	-4,4	-0,9	91,7	94,4	92,8	1,1	-1,6
Cantabria	95,1	98,1	98,8	3,7	0,7	90,4	97,5	98,1	7,6	0,6
Castela e León	90,6	94,6	95,9	5,3	1,3	87,5	93,8	94,9	7,3	1,0
Castela-A Mancha	78,6	78,4	78,3	-0,3	-0,1	76,0	79,6	79,1	3,1	-0,5
Cataluña	122,0	118,8	117,9	-4,0	-0,8	117,8	121,6	120,5	2,6	-1,2
C. Valenciana	96,6	91,9	91,4	-5,3	-0,5	93,3	95,2	93,9	0,6	-1,4
Extremadura	63,8	67,6	68,0	4,1	0,4	61,6	66,3	67,1	5,5	0,7
Galicia	77,6	81,4	82,8	5,2	1,4	75,2	80,0	81,0	5,8	1,0
A Coruña	79,5					77,3	83,8	84,8	7,5	1,0
Lugo	74,7					71,7	75,2	75,8	4,1	0,5
Ourense	71,5					68,0	73,9	73,0	5,1	-0,9
Pontevedra	78,7					76,7	79,5	81,3	4,6	1,8
Madrid	135,0	131,0	130,2	-4,8	-0,7	131,5	133,3	132,1	0,7	-1,1
Murcia	83,8	83,6	83,1	-0,8	-0,9	81,1	85,4	84,4	3,2	4,2
Navarra	125,9	126,2	125,8	-0,1	-0,2	123,1	126,9	126,7	3,6	3,8
País Vasco	122,6	126,5	128,0	5,4	2,6	118,5	124,6	125,4	6,9	6,1
A Rioxa	111,9	107,0	106,1	-5,9	-3,1	110,2	111,5	109,4	-0,8	1,4
Ceuta	84,2	91,1	91,1	6,9	3,0	82,4	89,4	90,4	7,9	6,9
Melilla	83,0	89,8	90,0	7,0	4,3	81,7	86,3	87,9	6,3	4,7
Total	100	100	100			96,7	101,0	100,7	4,0	4,3

(1) Datos do INE, Contabilidad Regional de España base 2000. Serie 2000-2006 (prezos correntes)

(2) Datos provisionais

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España, e Eurostat

1.6.2.

Renda familiar bruta en poder de compra nas CC.AA. 2000-06

	2000	2006	2000	2006	Diferencial 2006 - 2000	
	(en €)	(en €)	(media española= 100)	(en €)	(en €)	(puntos porcentuais)
Andalucía	9.595	9.977	79,9	80,8	382	0,9
Aragón	13.420	13.760	111,8	111,5	340	-0,3
Asturias	11.202	11.753	93,3	95,2	551	1,9
Baleares	13.801	13.955	115,0	113,1	154	-1,9
Canarias	11.261	11.544	93,8	93,5	283	-0,3
Cantabria	12.041	12.467	100,3	101,0	426	0,7
Castela-A Mancha	11.061	11.410	92,2	92,4	349	0,3
Castela e León	12.087	12.791	100,7	103,6	704	2,9
Cataluña	13.470	13.643	112,2	110,5	173	-1,7
C. Valenciana	11.449	11.611	95,4	94,1	162	-1,3
Estremadura	9.603	10.048	80,0	81,4	445	1,4
Galicia	10.636	11.004	88,6	89,2	368	0,5
Madrid	14.482	14.852	120,7	120,3	370	-0,3
Murcia	10.321	10.563	86,0	85,6	242	-0,4
Navarra	14.686	14.967	122,4	121,3	281	-1,1
País Vasco	14.125	14.538	117,7	117,8	413	0,1
A Rioxa	13.720	13.750	114,3	111,4	30	-2,9
Ceuta	11.124	11.294	92,7	91,5	170	-1,2
Meiilla	11.316	11.711	94,3	94,9	395	0,6
Total	12.003	12.343	100	100	340	

Fonte: Funcas, Cuadernos de Información Económica

○ 1.6.3.

Indicador de competitividade rexional nas CC.AA. 2003-05 ⁽¹⁾

	2003	2004	2005
	(España = 100)		
Andalucía	78,1	78,4	77,1
Aragón	109,0	106,9	107,9
Asturias	83,0	83,3	85,5
Baleares	72,5	72,0	74,8
Canarias	71,2	71,8	72,0
Cantabria	84,2	87,4	87,9
Castela e León	99,0	100,8	100,0
Castela-A Mancha	85,2	82,3	85,5
Cataluña	117,8	117,8	116,4
C. Valenciana	92,5	92,4	92,1
Estremadura	66,0	66,5	69,4
Galicia	90,2	87,3	90,4
Madrid	134,7	135,3	134,8
Murcia	85,6	83,9	85,2
Navarra	126,9	132,0	131,1
País Vasco	124,6	127,1	126,7
A Rioxa	92,3	92,6	91,3

(1) O indicador de competitividade rexional está composto polos 22 indicadores recollidos no cadro 1.6.6.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE; INE; Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales; Ministerio de Fomento; Oficina Española de Patentes y Marcas; Instituto Español de Comercio Exterior; e CEPREDE (Centro de Predicción Económica).

○ 1.6.4.

Galicia segue sendo a cuarta comunidade co menor valor do PIB rexionalizable per cápita, tan só por riba do rexistrado nas comunidades autónomas de Estremadura (68,0% en 2006), Andalucía (77,9% no último ano) e Castela-A Mancha (78,3%).

En canto ao indicador da Renda Familiar Bruta (RFB) en poder de compra, este ascendeu en 2006 nos 11.004 euros (368 máis que en 2000), o que representa o 89,2% da media estatal. Comparado coas outras CC.AA., Galicia é a cuarta comunidade autónoma con menor ratio, por diante de Andalucía, Estremadura e Murcia. Comparado coa situación de 2000, o **cadro 1.6.3.** indica que, en termos relativos, Galicia rexistrou un avance de medio punto porcentual, ao medrar dende os 88,6% dese ano aos devanditos 89,2%.

Atendendo ao **indicador sintético de competitividade**, elaborado a partir de 22 variables agrupadas en cinco grandes categorías –aspectos macroeconómicos, laborais, desenvolvemento

Indicador de competitividade rexional nas CC.AA. 2003-05 (1): distribución segundo categoría

	Indicador sintético macroeconómico (1) (España = 100)			Indicador sintético laboral (2) (España = 100)			Indicador sintético desenvolvemento empresarial (3) (España = 100)			Indicador sintético infraestruturas e accesibilidade (4) (España = 100)			Indicador sintético de innovación (5) (España = 100)		
	2003	2004	2005	2003	2004	2005	2003	2004	2005	2003	2004	2005	2003	2004	2005
Andalucía	74,2	75,6	77,4	92,4	91,3	91,1	69,5	71,6	66,5	98,9	98,4	95,5	55,7	55,0	55,0
Aragón	111,1	109,3	107,9	103,7	102,4	100,7	98,7	98,4	100,8	111,6	110,7	113,4	119,7	113,6	116,9
Asturias	82,0	83,7	85,2	104,3	105,5	108,7	72,1	68,4	72,6	98,0	100,5	105,3	58,8	58,4	55,8
Baleares	83,9	84,1	81,9	86,1	84,4	87,3	39,3	44,4	51,8	75,3	73,7	81,9	78,0	73,2	71,1
Canarias	75,8	74,4	73,9	88,8	89,6	89,8	45,5	49,6	53,0	96,5	92,7	93,0	49,5	53,0	50,3
Cantabria	90,9	92,1	91,6	101,4	100,4	101,6	49,0	53,6	53,6	108,2	116,0	117,8	71,4	74,8	75,1
Castele e León	95,0	95,5	93,1	100,7	100,4	98,6	81,8	88,3	86,2	131,6	130,0	130,4	86,0	89,9	91,5
Castela-A Mancha	75,2	75,7	73,6	86,8	86,0	86,4	71,7	55,9	54,3	109,5	111,6	121,6	82,9	82,5	91,7
Cataluña	125,4	124,8	124,8	101,4	102,3	101,9	128,2	128,5	125,6	106,8	105,7	103,4	127,0	128,0	126,0
C. Valenciana	96,0	95,1	93,1	91,1	92,7	93,5	78,4	76,6	77,6	107,6	109,4	107,3	89,5	88,1	89,1
Estremadura	59,8	59,4	58,8	86,7	84,5	85,5	46,6	51,0	52,3	92,7	96,2	101,7	44,1	41,3	48,9
Galicia	97,3	96,8	101,2	93,2	92,8	95,2	92,4	83,0	88,2	98,0	95,1	96,0	70,1	68,8	71,4
Madrid	115,4	114,7	114,1	115,9	116,2	114,4	148,1	145,8	148,7	145,7	152,1	148,9	148,3	147,8	147,7
Murcia	95,3	95,3	99,4	89,1	89,4	88,8	66,6	66,1	71,8	113,7	110,9	107,7	63,0	57,8	58,4
Navarra	132,0	128,0	123,1	114,2	112,9	112,5	134,8	147,8	143,8	121,6	119,0	128,7	131,8	152,2	147,6
País Vasco	115,0	118,6	120,0	119,3	119,5	121,6	145,7	151,6	149,5	136,4	136,9	133,2	106,8	109,1	109,3
A Rioxa	93,3	90,4	88,4	98,9	100,4	97,8	79,3	80,0	80,6	121,8	122,0	117,3	68,2	70,0	72,6

(1) Cálculase a partir dos datos do PIB per cápita, produtividade e grao de apertura da economía ao exterior (terceiros países)

(2) Cálculase a partir do custo salarial por traballador e da ocupación

(3) Para o seu cálculo tense en conta a dinamicidade empresarial, o esforzo investidor en actividades de I+D e en innovación por parte das empresas e o número de traballadores en actividades de I+D por cada mil activos

(4) Para o seu cálculo tense en conta os datos sobre a infraestrutura básica (vías de alta capacidade / superficie / poboación / PIB), infraestrutura tecnolóxica, infraestrutura en equipamento e infraestrutura educacional

(5) Cálculase a partir dos datos que reflicten a actividade inventiva, o esforzo investidor total en I+D, a actividade comercial dos sectores de maior contido tecnolóxico e os considerados de alta e media tecnoloxía, e a porcentaxe de empresas TIC sobre o total de empresas

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE; INE; Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales; Ministerio de Fomento; Oficina Española de Patentes y Marcas; Instituto Español de Comercio Exterior; e CEPREDE (Centro de Predicción Económica).

Indicador de competitividade rexional en Galicia 2000-05⁽¹⁾: distribución segundo tipo de indicador

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
	(España = 100)					
Indicador sintético macroeconómico	93,3	95,5	95,9	97,3	96,8	101,2
PIB per cápita	77,7	77,6	78,3	79,2	80,4	81,4
Productividade (PIB correntes / postos traballo)	89,4	88,7	89,3	90,0	91,3	91,0
Apertura exterior ((X+M) / PIB)	112,8	120,1	119,9	122,7	118,7	131,1
Indicador sintético laboral	92,8	91,7	92,3	93,2	92,8	95,2
Custo salarial por traballador	86,7	87,3	87,1	85,9	84,8	84,5
Ocupación (P. Ocupada / P. Activa)		88,3	90,5	95,1	96,6	101,9
Ocupación (P. Ocupada / P. maior de 16 anos con estudos superiores)	98,8	99,5	99,2	98,6	97,0	99,1
Indicador de desenvolvemento empresarial	76,6	74,5	80,8	92,4	83,0	88,2
Dinamicidade empresarial (nº empresas / 1.000 afiliados á S.S. no Réxime Xeral e Autónomos)	113,9	110,4	112,2	111,6	110,4	111,0
Gasto innovación empresarial / PIB	79,4			120,2	83,9	97,9
Gasto empresarial en I+D / PIB	42,2	39,5	56,3	59,7	55,4	62,9
Traballadores en I+D por 1.000 activos	71,2	73,6	73,9	78,0	82,3	80,9
Indicador sintético de infraestrutura e accesibilidade	102,4	99,1	96,9	98,0	95,1	96,0
Vías de alta capacidade sobre superficie	114,5	111,5	116,9	116,7	113,0	109,4
Vías de alta capacidade sobre poboación	100,7	99,6	106,0	107,1	105,5	103,3
Vías de alta capacidade sobre PIB	129,0	127,0	133,7	133,9	129,5	125,7
Infraestrutura tecnolóxica (% poboación que empregaron internet)	65,4	71,6	84,0	87,7	83,8	73,1
Infraestrutura equipamento (% fogares con ordenadores)			79,7	81,1	79,0	89,0
Infraestrutura equipamento (% fogares con conexión a internet)			70,6	67,1	62,0	74,8
Infraestrutura educacional (% poboación con estudos superiores)		85,9	87,4	92,3	93,0	96,9
Indicador sintético de innovación	62,9	65,0	68,3	70,1	68,8	71,4
Actividade inventiva (patentes vía nacional e modelos de utilidade por cada millón de)	46,4	45,8	54,3	62,2	62,8	71,6
Esfuerzo investidor en I+D (% gasto en I+D sobre o PIB)	70,6	75,2	79,8	80,9	80,3	78,1
Act. comercial sectores maior contido tecnolóxico (1) (% act. comercial)	24,5	27,3	30,0	33,0	32,0	31,0
Act. comercial sectores media-alta tecnoloxía (2) (% act. comercial)	103,3	108,3	105,3	101,5	95,5	101,6
Empresas TIC (% empresas TIC sobre o total de empresas)	69,8	68,4	72,4	72,7	73,5	74,8

(1) Industria farmacéutica; Reactores nucleares, calderas e artefactos mecánicos; Máquinas e aparatos eléctricos.

(2) Industria farmacéutica; Reactores nucleares, calderas e artefactos mecánicos; Máquinas e aparatos eléctricos; vehículos e material para vías férreas ou similares; vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios; Navegación aérea ou espacial; Navegación marítima ou fluvial; Instrumentos e aparatos de óptica, fotografía ou cinematografía, de medida, control ou de precisión; instrumentos e aparatos médico-cirúrxicos; as súas partes e accesorios; Reloxaría

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE; INE; Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales; Ministerio de Fomento; Oficina Española de Patentes y Marcas; Instituto Español de Comercio Exterior; e CEPREDE (Centro de Predicción Económica).

○ 1.6.6.

empresarial infraestruturas e accesibilidade e innovación-, a economía galega mantén entre os anos 2003 e 2005 (anos nos que se dispón de datos para todas as variables) o diferencial coa media estatal. Trala caída experimentada en 2004, este indicador acada no último ano en Galicia no 90,4 (media española = 100), dúas décimas máis que en 2003, situándose coma a novena comunidade autónoma con maior índice.

Por mor do comportamento da variable “apertura exterior”, o indicador sintético macroeconómico presenta en Galicia no ano 2005 un valor superior á media estatal. Pola contra, a economía galega presenta nas outras catro categorías consideradas, e nos tres anos da serie, valores por baixo da media española. Os datos recollidos no **cadro 1.6.5.** reflicten que o diferencial máis importante coa media estatal rexístrase no caso do indicador sintético de innovación, que acada un valor de 71,4 (base España = 100), seguido do correspondente ao desenvolvemento empresarial, cun valor de 88,2. Os indicadores sintéticos de infraestrutura e accesibilidade e o laboral, acadan valores próximos á media estatal: 96,0 e 95,2, respectivamente.

Comparado co acontecido no ano 2003, cómpre salientar a mellora experimentada nos indicadores sintéticos macroeconómicos, laboral e de innovación, descendendo os de desenvolvemento empresarial e de infraestruturas e accesibilidade. Os indicadores macroeconómico e laboral son os que experimentaron as maiores medras, con 3,9 e 2,0 puntos porcentuais, mentres que o de innovación o fixo en 1,4 puntos. Pola contra, a caída do indicador sintético de desenvolvemento empresarial é de máis de catro puntos porcentuais, e o de infraestruturas, de dous puntos.

No que atinxe á situación das vinte e dúas variables consideradas, o **cadro 1.6.6.** amosa que seis -o grao de apertura ao exterior, o dinamismo empresarial, os tres relativos ás infraestruturas básicas de transporte (vías de alta capacidade) e o da actividade comercial nos sectores de media-alta tecnoloxía- presentan en Galicia valores superiores á media estatal. Pola contra, as tres

variables con valores máis baixos son as da actividade comercial de sectores con maior contido tecnolóxico, a do gasto empresarial en I+D e a da actividade inventiva.

Converxencia coa media europea

O produto interior bruto por habitante en Galicia segue en 2004 (último ano dispoñible) por riba do 75% da media comunitaria, ao acadar un PIB per cápita equivalente ao 81,0% da media dos vinte e sete países da actual Unión Europea (100,7% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia segue sendo a terceira comunidade autónoma co menor índice, superando novamente a Estremadura (67,1%) e a Andalucía (77,6%).

Os datos recollidos no devandito **cadro 1.6.2.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. No caso galego, o PIB per cápita mellora case seis puntos porcentuais entre os anos 2000 e 2004, pasando do 75,2% da media europea (UE-27) ao devandito 81,0% de 2004. No conxunto do Estado, tras unha medra de catro puntos porcentuais, o PIB por habitante sitúase no 100,7%.

A provincia de A Coruña, que é quen presenta a maior aproximación á media comunitaria, rexistra sempre valores superiores aos do conxunto da comunidade autónoma. Tras unha medra de 7,5 puntos porcentuais, o seu PIB per cápita sitúase no 84,8% da media dos vinte e sete países da UE. Séguelle Pontevedra, que tras unha mellora de case cinco puntos, supera en 2004 o 80% da media europea (81,3%). Por contra, Ourense sitúase nos tres anos considerados por baixo do 75% da media comunitaria (73,0% en 2004), mentres que Lugo supera lixeiramente ese nivel (75,8% nese ano). ■